

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus>
[/onstopus.htm](http://onstopus.htm)

Nº47/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de abril/ Estado de Sen Mascara

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



HABERÁ CAMPOS DE VOLUNTARIADO EN ONS?

Ons segue sendo a Grande Esquecida. Por que a discriminan dende a Xunta de Galicia?. **Páx. 1**

CONTOS DE TABERNA

Un meco, amigo de Pepe da Illa, anima a charla na mesa da partida, contando un par de historias sobre "O Chalanas" outro meco moi especial. **Páx. 2**



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un lector sae ao paso do publicado no Onstopus nº 46 sobre a corta de árbores na Illa e, despois de contarnos que el tamén escoitara a historia do Xeneralísimo, dá a súa opinión sobre o por que se producen esas cortas. **Páx. 3**



TAMBO

A loita levada a cabo polo concello de Poio para recuperar a Illa de Tambo, deu os seus froitos, conseguindo unha concesión por 25 anos prorrogables a 75. A ver se aprenden outros concellos. **Páx. 3**



A ILLA SEGUE CHORANDO

Outro auniense que se nos vai, Arturo Otero Reiriz. **Páx. 4**



CANDO O DESCONTROL SE APODEROU DAS CÍES E ONS

Dúas novas de hemeroteca da Voz sobre o descontrol que houbo nas Cíes. Quen fallou? Foto: Voz de Galicia. **Páx. 6**

Noutros tempos dous aunienses eran quen de baixar unha dorna ata a orella. Como cambiaron os tempos!!! **Páx. 3**



Benito Patiño, no noso corazón. **Páx. 6**



DÍA DAS LETRAS DE ONS

Que interesante sería que o Parque contara cun Animador Cultural que programase actividades de interese para as illas do Parque Nacional. **Páx. 5**

RUTA MARÍTIMA XACOBEEA DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Durante anos solicitándoa a Cultura e Turismo. Agora parece que comeza a dar os seus froitos, aínda que as Illas queden relegadas dela. **Páx. 4**



HABERÁ CAMPO DE VOLUNTARIADO ESTE VERÁN EN ONS?

No ano 1979 comezaron os Campos de Tralaballo en Ons. Estaban compostos por mozos de entre 18 – 30 anos e o seu labor principal era o coidado do medio ambiente. Poñéndose ás ordes do Garda Forestal e acompañando aos traballadores oficiais deste organismo realizaban un labor encomiable na Illa: dende limpeza de camiños, plantacións, arranxo de fontes,..., ata limpeza de maleza en xeral e, o que consideramos máis importante, sobre todo nos anos 80 s.XX, a loita contra o lume.

Coñecín moi ben estes Campos pois compartín con eles moitas horas impartíndolles charlas histórico-etnográficas e realizando excursións didácticas pola Illa sobre eses temas, polo que tratei con todos os administradores, xefes de Campo e monitores, cos que organizabamos todo tipo de actividades.

Algúns deses administradores e xefes de Campo, pasaron logo a formar parte da Asociación Amigos da Illa de Ons e posteriormente a PineirÓns.

Chegado un intre, non sei exactamente o ano, pero coido que, como mínimo, co ingreso da Illa no Parque Nacional, inexplicablemente, a Xunta deixou de organizar eses magníficos Campos en Ons, sen embargo, si continuaron nas Cíes.

A que sería debido esa discriminación cara a Ons cando, ao ser unha illa habitada, sería máis importante o seu labor, tendo en conta que Cíes, dende que foi nomeada Parque Natural en 1984 tiña uns presupostos anuais para conservación e un persoal oficial que Ons non posuía?

Con respecto a estes Campos en Ons, coa axuda dos administradores e investigando en diferentes organismos, presentamos á Consellería, daquela Familia e Xuventude, propostas para a mellora deses Campos, chegando a entregar un Informe no que propoñiamos un Campo mixto Medio Ambiental-Arqueolóxico, con Xefes de Campo arqueólogos e composto por universitarios galegos e de toda España que estudaran esa especialidade. Dabamos ideas para incentivar a súa montaxe, que nos expuxeran profesores universitarios, como conseguir créditos de estudo, diplomas de asistencia, valoración da experiencia,... Tamén propoñiamos ideas, no mesmo senso, pero dedicados a restauración de piornos, estudos etnográficos: toponimia, recuperación de tradicións, procura de contos, lendas, supersticións,..., xogos populares.

A idea foi moi ben acollida polo Delegado de Familia en Vigo, pero todo quedou só en boas palabras (como normalmente atopamos na administración) chegando a dicirnos posteriormente: *“Os Campos ata agora funcionaron ben e non hai porque facer cambios”*. Non só, non fixeron cambios, senón que os retiraron de Ons.

O ano pasado preguntamos en Parques o por que en Cíes si e en Ons non. Non souberon que dicirnos pero, con grande habilidade, enviaron a pelota ao tellado de Xuventude: *“Iso non é cousa nosa, organiza a D. Xeral de Xuventude”*.

Ben, esperaremos a ver que pasa este ano, e de seguir XUVENTUDE ou PARQUES *Discriminando* a Ons cos Campos de Tralaballo, agora chamados de Voluntariado, comezaremos a loita para **REIVINDICALOS**.



Diferentes actuacións do Campo: Limpeza e adorno das instalacións, loita contra o lume e primeiros pasos da Fonte de Caniveliñas.

En cadenaser.com podíamos ler, o 10 de agosto de 2017, o tempo que levan os Campos de Tralaballo en Cíes (os de Ons comezaron o mesmo ano 1979) e o que opinaba o Director do Parque Nacional:

“Son 43 los años que lleva funcionando este campamento en Cíes, no obstante es el más antiguo de Europa. Por él han pasado miles de jóvenes. De ellos han surgido amistades, parejas e incluso hijos, que vuelven para conocerlo. Voluntarios que realizan una labor fundamental para el parque nacional, como indica Jose Antonio Fernández Bouzas, director del Parque Nacional Illas Atlánticas "el trabajo de estos jóvenes es fundamental, es un campo de trabajo internacional y muy activo. Su labor es la de concienciar a los visitantes de que el mar no es un contenedor de basura. Se encargan de llevar a cabo labores de mantenimiento en la isla, vigilan que no se provoquen incendios, retiran las colillas en la playa, también intentan erradicar especies invasoras como la acacia. Y sobre todo conciencian a los visitantes de lo importante que es cuidar el medio ambiente.”

Todo isto, e outras actividades máis importantes, non as poden desenvolver tamén en Ons?

Foto arriba: 2017. cadenaser.com

Foto abaixo: 2020. xunta.gal

Fotos dos Campos en Cíes





ONS NA MEMORIA

LUME NA ZONA DE CAÑO E CURRO ALTO

No pasado Onstopus falaba do último queimador de lixo que houbo na zona de Pereiró, preto do Campamento, e comentaba a existencia de varios queimadores anteriores en diferentes puntos da Illa.

Cando estaba en activo o das Xabreiras, debido a un vento forte de sur, o lume estendeuse pola zona de Chan da Pólvora e chegou aos barrios de Caño e Curro alto, o que trouxo a necesidade da actuación do avión do Icona.

Foi a principios dos anos 80. Despois cambiouse para o camiño de Melide.

CONTOS DE TABERNA

O “CHALANAS”, UN MECO MOI ESPECIAL

Xa rematara a partida e, como é costume, xuntámonos alí todos para parolar e papear. Había de todo, xardas fritidas, chourizos de Lugo, navallas de Taramundi,..., e ata sardiñas en lata pescadas á liña por Treboadas.

Notabamos de estraño que non estivera Pepe da Illa e, cando estabamos case a rematar, alí chegou. Viña de pescar cun mariñeiro de O Grove e cunha boa patela de fanecas, que non dubidou en levar unhas cantas ducias á cociña para fritir e poñelas na mesa.

Mentres saboreabamos as exquisitas fanequiñas, comezaron os contos e o meco non quedou atrás e amenizounos cun par de historias de <O Chalanas>, que era un deses mecos moi especiais.

Contou: “O Chalanas, xa dende moi novo, gustaba de ir ao mar co seu pai, que era patrón e tiña un barquiño de baixura moi xeitoso. Cando xa tivo a idade, foi facer o curso de Competencia Mariñeira. Todo foille moi ben, pero, cando os do tribunal preguntáronlle se sabía nadar, el díxolle a verdade, que non.

Os examinadores díxéronlle, que sen saber nadar non podía ir nun barco dedicado á pesca. O Chalanas mirou para eles e despois de recapacitar un pouco, espetoulle: - E lo, meus; os pilotos para ir no avión, teñen que saber voar?

Doutra volta tamén pasoulle unha co pai. Contou o meco: “Un día, cando viñan de regreso de estar faenando preto de Sálvora, atoparon un bo número de fardos, ben illados con plástico para no humedecer, cargados de tabaco.

Decidiron collelos e metelos no barco e dicir, ao chegar a porto, que os atoparan e ían entregalos á Garda Civil. Como non os vira ningún izalos a bordo e ao chegar non había xente polo peirao, decidiron cargalos no furgón, levalos e logo repartir.

E así foi. Ao chegar ao almacén onde gardan os aparellos, o pai do Chalanas, abriu os fardos e foi poñendo no chan os cartóns de Winston en tres grupos, ao igual que facían co pago da pesca.

O Chalanas ao ver os grupos formados, preguntoulle ao pai: - E lo, como só hai tres grupos? E o pai díxolle: - Pois como sempre, para o barco, para o patrón e para os mariñeiros.

O Chalanas, como facía sempre, moveu a cabeza de babor a estribor e espetoulle: E lo meu pai; o barco, tamén fuma?





SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS


Un lector escribe con respecto á nova do Onstopus 45 -A mellor árbore de Ons-: "... estiveches moi agudo ao final desta noticia explicando o tema, que hoxe chamarían bulo, da forestación da Illa. Eu tamén teño lido que o Xeneralísimo, un día navegando preto de Ons e vendo que a illa non tiña árbore ningún, mandou aos seus súbditos que os plantaran, cousa que fixeron de inmediato e que coidaron ata converterse en Parque Nacional, nin os insulares podían cortalos, cando eran moi necesarios como combustible nas súas casas pois non dispoñían de electricidade, nin butano,...

A ocorrencia da súa corta estivo ben. Cando gobernaron os de esquerdas tiraron o monólito de Cíes, facéndolle unha xogada de carallo aos mariñeiros que o tiñan como marca de pesca, pero quen lle ía a dicir ao Xeneral que os seus, agora na Xunta, facendo así cumprir a Lei de Memoria Histórica, ían a tirar as árbores que mandou plantar.

Estivo ben a saída pero, centrándonos na realidade, o tempo daranos ou quitaranos a razón, pero eu penso que as cortas de plantas e árbores non autóctonos seguro que están a realizalas porque ao ser Parque Nacional veñen cartos de Europa, pero para plantar, seguro que non.

Despois como administran eses cartos, habería que pedir unha investigación..."

Prezado lector aquí deixo o principal da túa suxestión, eu, se mo permites, vouche contestar cun: <Sen comentarios>



COMO CAMBIARON OS TEMPOS

Botándolle unha ollada á páxina: elviajeroaccidental.com, atopei esta foto, onde vemos que, para levar a pequena chalana de Milucho ata a auga na Praia das Dornas, fixeron falla 7 homes, cando antes entre 2 aunienses eran quen de baixar unha dorna no mesmo espazo.

Eu non sei se será polos chourizos do Tabo, os magnum, polos pichinaquis,...., o certo é que, en Ons, se perdeu moita forza.

Hai que volver ás caldeiradas de maraghotá, polbo, viño de barril, caña de herbas,...., senón imos a menos e os virus atácanos con facilidade.



POIO, UN CONCELLO PREOCUPADO POLA SÚA ILLA: TAMBO

O 17 de abril de 2021, o concello de Poio organizaba unha xornada temática sobre a Illa de Tambo. Nela o arquitecto Sergio Portela, daba a coñecer un fantástico proxecto para esta illa, a realizar no intre en que pasara a mans do concello. Pois ben, a magnífica loita reivindicativa que levou o concello de Poio, fíxose realidade, case un ano despois, o 1 de marzo de 2022 en que Defensa outorga unha concesión demanial por 25 anos prorrogables a 75, pasando así a ser xestionada polo concello. Parabéns para Poio que se esforzou na súa demanda.

Moito teñen que aprender outros concellos!!!



La peregrinación a la ría sale el 28 de mayo de Barbate

SANXENXO / LA VOZ



La Travesía Náutica Xacobeá, desde Andalucía hasta las Rías Baixas, ya tiene fecha de salida. Será el 28 de mayo con punto de partida de Barbate, en la provincia de Cádiz. El periplo recorrerá toda la costa atlántica andaluza y enfilará al norte siguiendo la línea del litoral portugués, con escalas en varios puertos lusos, hasta su arribada a las Rías Baixas el próximo mes de junio.

Este periplo supondrá la primera vez que se lleva a cabo una peregrinación de este estilo, además de coincidir con año jacobeo, lo que le dará todavía más

atractivo. Existen rutas de peregrinaje por mar, como la de la ría de Arousa, pero siempre con origen y arribada en Galicia. Hasta ahora nunca se había probado una actividad tan ambiciosa como la navegación de una flotilla de barcos deportivos desde el sur de España hasta Galicia.

Una vez que la flotilla de embarcaciones peregrinas lleguen a la ría de Arousa, se prevé que los navegantes puedan desembarcar en uno de sus puertos y, a continuación, los participantes emprenderán la ruta a pie hasta Santiago siguiendo la etapa final del Camino Portugués.

La llegada a Compostela tendrá lugar, si se cumple el cronograma porque siempre hay que tener en cuenta posibles imprevistos meteorológicos, en la se-

gunda o tercera semana de junio. El viaje está diseñado para que los participantes puedan tener la opción a sellar la compostela en la oficina del peregrino. Cabe señalar que para obtener la compostela en una peregrinación marítima se exige al menos haber navegado por noventa millas náuticas, cifra que se cumple sobradamente en el periplo trazado.

Ruta desde el norte gallego

La ruta en las Rías Baixas comprende adentrarse en aguas de Vigo, Pontevedra —aquí se prevén escalas en Sanxenxo y Portonovo— y Arousa, además de tiempo libre para conocer sus localidades y disfrutar de su gastronomía.

A aquellos que no quieran ha-

cer un viaje tan largo, o no dispongan de tantos días seguidos para navegar, la Travesía Náutica Xacobeá también oferta una alternativa más breve y no menos espectacular por los parajes que atraviesa. Se trata de una ruta desde Ribadeo, siguiendo las costas lucense y coruñesa, con punto de arribada en la ría de Muros y Noia, desde donde se podrá proseguir la peregrinación a pie a Santiago.

Participan en la organización entes oficiales como Puertos de Galicia y Puertos de Andalucía, así como la Asociación de Clubes Náuticos de Galicia (Asnauca). Las invitaciones a los clubes para que informen a sus socios, así como los detalles del viaje se darán a conocer en los próximos días.

RUTA XACOBEO MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Xa o temos falado en Onstopus e na revista Aunios:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/25/01-Ruta%20Xacobeá-Tinon.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/43/ons-topus-43.pdf>

Pois ben parece ser que esa singradura da que falabamos no Onstopus nº 43, vaixe levar a cabo o 28 de maio deste ano e que seguirá, como leva pedindo Pineiróns dende hai xa unha porrada de anos, o itinerario que seguiron os discípulos do apóstolo Santiago. Eu sigo pensando que ese derroteiro, ao chegar a augas galegas (A Garda), debería constituírse como a *Verdadeira Ruta Xacobeá Marítima Galega* (A Garda – Pontecesures) para lodo seguir a pé o Camiño Portugués dende Padrón ata Compostela.

Coido que dende Cultura – Turismo, debería potenciarse esta Ruta Marítima, onde as Illas do Parque Nacional sexan un punto importante de parada, ao igual que outros enclaves das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, tendo en conta o potencial que temos de club náuticos, as excelentes rías, a gastronomía ligada ao mar, os nosos monumentos,..., e unha cultura popular única galega.

Nas mans dos políticos e asociacións vinculadas ao Xacobeo está a pelota!!!

Foto: Marcos Gago. Voz de Galicia. 01/04/2022

A ILLA SEGUE CHORANDO

Outro auniense que se nos vai, ARTURO OTERO REIRIZ

Non facía nin un mes, o 11 de marzo de 2022, que asistía en Bueu á merecida homenaxe que o club Golfiños facía a Aurita Reiriz, nai de Arturo (Nova da que dimos conta no Onstopus nº 46, segundo do mes de marzo) . Ao atoparme con Carmen, filla de Aurita e irmá de Arturo, e o seu home Pepe, comenteille o ben que me sentía vindo a Bueu a esta homenaxe, primeiro, loxicamente, por Aurita e logo porque, ultimamente, só ía para asistir a funerais de aunienses.

Pouco durou esa alegría, en 22 días tiña que volver para despedir a un amigo, Arturo, co que mantiven unha grande amizade, ao igual que con toda a súa familia auniense, dende que el era un rapaz de 7 anos, cando aquel 1975 cheguei a Ons e alí fixen parada e fonda estival ata hoxe, hai xa 47 anos.

Hoxe toca despedirme del e o fago con todo o sentimento que teño cara á súa familia, coa que compartín momentos inesquecibles. Ata sempre amigo e que ogallá esta sangría de aunienses remate dunha vez.



Arturo Otero Reiriz, un mocinho, xunto co seu irmán pequeno Alberto, o día da Festa da Illa a principios dos anos 80 s. XX



Fotos de *Arturo Otero Reiriz* dos últimos anos, onde o vemos cos personaxes televisivos da TVG. Na súa posta, na ventá do Acuña e moi caracterizado cunhas graciosas gafas.

Botarémoste de menos.



III. Outras disposicións

Instituto Gallego de la Vivienda y Suelo

RESOLUCIÓN de 22 de marzo de 2022 por la que se acuerda ampliar hasta el 30 de junio de 2025 el plazo para presentar las solicitudes de calificación provisional y de calificación definitiva para actuaciones de rehabilitación de edificios y viviendas en el ámbito de las áreas de rehabilitación integral de los Caminos de Santiago, del Parque Nacional de las Islas Atlánticas y de A Ribeira Sacra, en el marco del Programa de regeneración y renovación urbanas del Plan estatal de vivienda 2018-2021 (códigos de procedimiento VI408F, VI408G, VI408L y VI408M).

Ampliar hasta el 30 de junio de 2025 el plazo para presentar las solicitudes de calificación provisional y de calificación definitiva para actuaciones de rehabilitación de edificios y viviendas en el ámbito de las áreas de rehabilitación integral de los Caminos de Santiago, del Parque Nacional de las Islas Atlánticas y de A Ribeira Sacra, en el marco del Programa de regeneración y renovación urbanas del Plan de vivienda 2018-2021

Dende a Consellería de Medio Ambiente sacan de novo esta nova que considero pode ser moi interesante para que os veciños de Ons miren a posibilidade de arranxar as súas vivendas, busquen un xeito adecuado para ter enerxía, adecúen as súas casas á típica arquitectura popular mariñeira que tiña Ons,..., e un longo etc.

Sería interesante que Parques e o Concello de Bueu, estuden esta nova ampliación, informen aos veciños e poñan á súa disposición unha persoa para que lles axude coas solicitudes.

Tamén fago un chamamento á Asociación Veciñal para que tamén informe aos veciños das posibilidades desta convocatoria e intente mediar coa administración para resolver o problema de solicitudes.

DÍA DAS LETRAS DE ONS

Xa o saquei nunha pequena recensión no Onstopus nº 29, onde animaba á Consellería e ao concello de Bueu a programar e celebrar o Día das Letras de Ons, cunha exposición de libros, revistas, traballos, folletos, pósters,..., sobre esta Illa e, á vez, homenaxear cada ano a algunha das persoas que, a través do tempo, escribiron, investigaron,..., ou fixeron algo interesante para dar a coñecer as peculiaridades tan importantes que posúe esta Illa.

É difícil realizar actos se non conta o Parque Nacional cun dinamizador/a cultural que se encargue de programalos, de aí o noso empeño para que teña, entre o seu persoal, un Técnico Cultural que se encargue de activar e impulsar todo tipo de actos que teñan como obxectivo dar a coñecer as singularidades de Ons.

O Día das Letras de Ons, sería unha actividade que, a carón de dar a coñecer todo o que se traballou por esta Illa ao longo do tempo, poderíanse organizar actos como proxeccións, charlas, exposicións,..., sobre algún dos precursores que estudaron a historia, etnografía, fauna e flora, arquitectura, embarcacións tradicionais,..., de Ons e atraería cara a ela a persoas interesadas no mundo cultural galego, que debería ser un dos principais obxectivos dos responsables do Parque.

Esta idea, que eu propoño para Ons, podería ser aplicada en calquera das illas que forman o Parque Nacional galego.



Como sabedes o minixornal Onstopus cumpriu dous anos e os seus números quedaron perfectamente encadernados en dous magníficos libros.

INVERSIÓN EN ONS

Interesante as novas que nestes primeiros días da Semana Santa, chegan dende a Consellería de M. Ambiente, onde comunican que vai haber unha inversión de 800.000 € para a mellora das depuradoras e para saneamento nas casas aunienses. Tamén que asesorarán aos hostaleiros para unha mellor reciclaxe de residuos entre os que están as graxas e aceites. Igualmente moi interesante a comunicación de que acometerán mellores na rede de abastecemento de auga potable ás casas aunienses.

Agora só cabe esperar que estas importantes noticias, que puidemos ler na prensa, non queden nunha declaración de intencións e verdadeiramente se leven a cabo. Esperamos que ese anuncio de levar auga potable ás casas aunienses se refira á maioría das casas da Illa.

Cuando el descontrol se apoderó de las Cíes


La declaración como parque natural del archipiélago vigués sirvió para que se comenzase a regular la presencia de visitantes y evitar que pudiesen plantarse tiendas en cualquier lugar

JORGE LAMAS
 VIGO / LA VOZ

«Sin una vigilancia será imposible mantener con orden y limpieza el lugar. El pasado año fue allí una patrulla de la Policía Nacional y agredieron a uno de los agentes. Para que las acampadas no sean masivas, se va a acotar un lugar al lado del camping actual. En total, no podrán ser instaladas allí más de 150 tiendas ya que una cantidad mayor sobrepasaría las previsiones y posibilidades de habitabilidad de las islas». Así se refería a la situación de las Cíes, el 21 de abril de 1981, el teniente de alcalde de Vigo José Martínez Torea.

La degradación de las islas había tocado fondo y las autoridades, locales y estatales decidieron poner freno al campismo salvaje en la joya de las islas atlánticas, aunque no era ese el único problema que padecían. La Voz de Galicia indica en aquellos días que la desgracia de las Cíes era la cantidad de gente que cada domingo de sol caía sobre sus playas de una forma incivilizada y masiva. «Son kilos y kilos de basuras que hay que limpiar cada domingo», decía el concejal socialista para explicar que era el Ayuntamiento el que tenía que recoger los residuos sólidos en el archipiélago.

Unos meses antes, el Estado había declarado parque natural las Cíes y sus aguas adyacentes, lo que implicaba cambios. Ese mismo otoño e invierno de 1980, se realizaron importantes acciones, como la limpieza del monte, enterramiento de basura acumuladas durante el verano y la preparación de nuevos sembrados y plantaciones. Fueron plantados allí mil árboles de especies nobles. «Nuestra labor, sin embargo, fue deslucida en un solo día, el pasado domingo en el que cientos de personas de una forma



Hasta que se creó el parque nacional, la presencia de multitudes era habitual cualquier domingo de verano.

indiscriminada, mancharon de nuevo y destruyeron parte de lo hecho», decía José Martínez Torea.

Desde los años serenos, las Cíes fueron un espacio de tierra al margen de cualquier control. Los visitantes acampaban en cualquier sitio y algunos de ellos eran personas perseguidas por la Justicia, lo que hacía más complicada la convivencia en este paraíso hoy en día tan exaltado. La Voz de Galicia denunciaba entonces que «algunos habituales campistas han llegado casi a privatizar zonas de uso público con rústicas construcciones para su servicio particular, con la pretensión de que permanezcan todo el año y disponer de un sitio



Página de la Voz de Galicia publicada el 22 de abril de 1981

reservado al que no acceden los nuevos campistas: una curiosa forma de ir parcelando el terreno».

«Estamos decididos a terminar con el gambreísmo en las playas a base de vigilancia y multas. Las playas viguesas están llenas de cristales rotos, hierros, latas de conservas oxidadas y todo lo que supone un verdadero peligro para la gente, en especial, los niños que van a bañarse», añadía Martínez Torea. La situación del archipiélago entonces no se parece en nada a la actual. Por ejemplo, aquel mismo año fue el primero en el que se prohibió cazar. A pesar de que la declaración de parque natural se había pro-

ducido en octubre de 1980, con la llegada de la primavera de 1981, los problemas de saturación, inseguridad y residuos se hicieron más patentes que nunca. De hecho, en este mismo periódico, el 25 de junio de 1981, se decía: «Pero las islas están a punto de sobrepasar el límite de la tolerancia que las convertiría de un paraíso en un estercolero».

Las voces de alarma añadían al gran reclamo que representaban las islas que otra compañía naviera empezaría a operar en ese verano de 1981, con lo que llegarían más personas a las Cíes, algo que todavía no estaba regulado. Con la entrada en funcionamiento de la nueva empresa había gente que llegaba a calcular día por encima de las 7000 personas. Actualmente, no se permiten más de 1800 personas por jornada. Además, los visitantes deben regresar a Vigo con sus residuos, pero en 1981 quedaban en las islas toda la basura. Y tuvo sus consecuencias. El Instituto para la Conservación de la Naturaleza (Icona) tuvo que emplearse a fondo aquel invierno para acabar con una plaga de ratas, que ya empezaban a tener ciertas dimensiones.

El 18 de julio de 1981 se reunió por primera vez la junta rectora de las Cíes y las cosas comenzaron a cambiar muy lentamente. Hubo proyectos que ahora llaman la atención, como uno que pretendía montar un teleférico entre el embarcadero y el faro. Otro llegó a solicitar permisos para construir un establecimiento hotelero en la isla principal. Los verdaderos cambios llegaron a partir de julio del 2002 cuando las Cíes, Ons, Sálvora y Cortegada fueron declaradas Parque Nacional de las Islas Atlánticas, el primero y único en Galicia hasta la fecha.



Foto de María L. Muña. Voz

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2022/04/12/descontrol-apodero-cies/0003_202204V12C8991.htm

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/2022/04/05/xunta-pone-orden-acampar-ons/0003_202204P5C8991.htm

Estas dúas novas saíron publicadas na Voz de Galicia antes da Semana Santa deste ano 2022.

As dúas teñen a súa parte de interese, e non me refiro, precisamente, ao que nelas informan, senón ao motivo do por que se provocaron eses conflitos.

Ao lelas, todos pensamos no desprotexidas que estaban as illas Ons e Cíes naqueles anos, cunha masificación enorme e cun campismo salvaxe que provocaba molestias, sen embargo ninguén se parou a pensar na mala actuación que, dende as diferentes administracións que as xestionaban, levaron a cabo e que foi a que, verdadeiramente, provocou, pola falla de control, todas as problemáticas.



http://www.vigoenfotos.com (© J. Albertos)

UNHA EXPERIENCIA EN CÍES

Aínda que creo que fora un par de veces antes a pescar e pasar o día, o certo é que foi no ano 1978 cando no mes de setembro viñemos de Ons e decidimos ir pasar uns días de camping ás Cíes.

Viaxamos en tren de Pontevedra a Vigo e cargadiños como iamos, collemos o barco que nos levou ás paradisíacas illas.

Recomendáronnos ir acampar cara ao sur, e alá fomos. Estaba todo ategado de tendas antes da ponte do Lago dos Nenos. Pola nosa economía decidimos non ir ao camping oficial e seguimos ruta e, un pouco máis adiante do convento, atopamos un pequeno oco, deixado por outros campistas, onde montar a tenda de campaña.

Ata aquí poderíamos dicir que todo normal ou, polo menos, non nos decatamos de ningunha contrariedade, só que había pouco sitio para acampar, estaba todo cheo e iso que xa estábamos en setembro.

Ao longo dos catro días que estivemos, fomos decatándonos da problemática campista existente. Resulta que a principios de verán (xuño), coa saída do primeiro barco, unha boa cantidade de familias viguesas, cargadas co material campista necesario, collían o barco e, mesmo ao chegar, como se dunhas rebaixas de grandes almacéns se tratara, corrían para ocupar os mellores sitios de acampada.

Ese proceder, poderíase ver como normal, se fose para ocupar un bo sitio e estar uns días, pero non, montaban a tenda familiar e con cordas, cabos e ata estachas, pechaban o espazo e ocupaban o sitio de tres tendas e alí montaban mesas, cociña, hamacas,...., e todo o necesario para unha longa estancia que duraba ata mediados de setembro que os rapaces comezaban a escola. O detalle era que, ao longo deses case catro meses, só ían os fins de semana e o mes de vacacións, o resto estaban baleiras e ocupando un enorme sitio ao longo de toda a Illa.

Algunha administración competente lles dixo algo ou fixo o posible para evitar esa mala actuación? NON, ata a declaración de Parque Natural.

Pero, as culpas de todo o malo de Cíes as levaban os hippies, os domingueiros,... Nunca en Cíes e en Ons, dende a administración, se buscaron solucións ao campismo e a masificación, antes de que ocorrera.

ÚLTIMA HORA

Mesmo cando iamos a pasar uns días de descanso á Illa de Ons o xoves santo, soubemos do pasamento doutro auniense Benito Patiño.

Unha grande persoa coa que compartimos importantes momentos na Illa e outro dos meus informantes sobre a riquísima Cultura Popular auniense. No próximo número dedicámoslle un espazo. DEP.